



HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:30-11:30	Informática	Informática avanzada	Informática	Informática avanzada	Informática
11:30-12:30	Internet	Internet avanzado	Internet	Internet avanzado	Internet
12:30-13:30	Aula aberta	Aula aberta	Aula aberta	Aula aberta	Aula aberta
17:00-18:00	Búsqueda activa de emprego	DNI-e e administración electrónica	Búsqueda activa de emprego	DNI-e e administración electrónica	Búsqueda activa de emprego
18:00-19:00	Informática	Informática avanzada	Informática	Informática avanzada	Informática
19:00-20:00	Internet	Internet avanzado	Internet	Internet avanzado	Internet

### DESCRIPCIÓN DE CADA UN DOS CURSOS:

**Informática:** O alumno descubre os conceptos básicos para aprender a manexar e xestionar un equipo informático. Descríbense os distintos compoñentes dunha computadora, a iteración entre os mesmos para posteriormente introducirse no manexo e xestión do sistema operativo en si mesmo. A saber: navegación dentro do sistema, busca de arquivos, creación de directorios, creación de documentos básicos, instalación/borrado de programas, executar programas, mantemento do equipo (eliminación de arquivos temporais, defragmentación, Scandisk,) creación/eliminación de usuarios, xestión de permisos, instalación de programas, eliminación de programas, ...

**Internet:** O alumno aprenderá a manexarse por internet realizando búsquedas, optimizando ditas búsquedas mediante o uso de búsquedas avanzadas, aprenderá a usar tradutores de texto (gTranslate, Openrad) así como tradutores automáticos de páxinas web. Aprenderá a xestionar o navegador web, elixindo páxinas de inicio por defecto, instalar / desinstalar plugins, iniciar navegación privada,... Tamén estudara os distintos conceptos da web (servidor web, cliente web, linguaxes de programación web). Explicarase o termino de Web 2,0 e navegaremos por distintas web para poder visualizar películas, escoitar música baixo demanda, escoitar cadeas de radio,...

**Aula aberta:** Espazo destinado para aclaracións de dúbidas e materia personalizada.

**Informática Avanzada:** O alumno realizará un breve repaso polos conceptos fundamentais do uso dunha computadora como consolidación dos coñecementos adquiridos, posteriormente o alumno será introducido na administración avanzada do sistema operativo. Uso de Skandisk, liberador de espazo, defragmenación, navegación polo explorador de Windows, escoller aplicacións de inicio, configuración de escritorios, ...

Nota Importante: Para poder realizar este curso é preciso ter superado o curso previo de informática (nivel básico).

**Internet Avanzado:** O alumno aprenderá a xestionar a plataforma on-line de Google, aprendendo así a xestionar o seu correo electrónico (Gmail), a crear documentos on-line (Google Docs), a usar un lector de Feeds / RSS (Greader), compartir fotos, xestionar un calendario colaborativo (Gcalendar / Doodle),...

Nota Importante: Para poder realizar este curso é preciso ter superado o curso previo de Internet (nivel básico) dado que será preciso que o alumno teña certa destreza a hora de manexarse por internet.

**DNI-e e administración electrónica:** O alumno aprenderá as distintas partes que compoñen o DNI electrónico e farase unha comparación co DNI tradicional. Tamén veremos como solicitar o DNI-e ou a súa renovación, aprender a instalar e utilizar o DNI-e. Finalmente veremos o gran avance que representa o DNI-e na interacción entre o cidadán e as administracións públicas (Concello, Xunta, Admón. Central, ...) así como con entidades privadas (como pode ser a banca electrónica).

**Búsqueda activa de emprego (BAE):** O alumno aprenderá a elaborar o seu curriculum de forma ordenada, clara e concisa resaltando aqueles aspectos fortes da súa preparación ou experiencia laboral. Posteriormente facendo uso de internet o alumno aprenderá a manexar os portais de traballo máis importantes para a búsqueda de emprego (Infjobs, tecnoempleo, monster, laboris, Xing, linkedin,...).

### INFORMACIÓN SOBRE OS CURSOS:

Informática, Informática avanzada, Internet e Internet avanzado: cursos con dous grupos (un pola mañá e outro pola tarde).

Para poder realizar os cursos de Informática avanzada e Internet avanzado é preciso ter superado o curso previo de Informática e Internet (niveis básicos) dado que será preciso que o alumno teña certa destreza a hora de manexarse co equipo informático e por internet.

As inscricións realizaranse entre os días 15 e 30 do mes anterior á data de inicio do curso.

Información e inscrición:



982 297 350 para chamadas desde fóra do municipio.